



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

BANDO

REXISTRO OBRIGATORIO DE EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS DE AUTOCONSUMO

D. ANDRÉS FEAL VARELA, ALCALDE DO CONCELLO DE MONFERO, PON EN COÑECEMENTO DA VECIÑANZA:

Desde o pasado 1 de xaneiro de 2024 todas as explotacións avícolas de autoconsumo deben estar rexistradas no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA).

As explotacións avícolas de tipo familiar (currais familiares) que manteñen aves domésticas de autoconsumo, sen finalidade comercial e cuxa finalidade sexa o autoconsumo familiar onde se manteñan aves das especies galiñas, pavos, parrulos, pintadas, gansos, paspallás, perdices, faisáns ou pombas.

Enténdese como explotación de autoconsumo aquela explotación que teña como máximo 30 galiñas poñedoras ou 50 polos de engorde e os seus equivalentes noutras especies, e que en ningún caso, comercialice os animais ou os seus produtos (carne, ovos, outras producións...).

No caso de que exista comercialización serán consideradas como explotacións avícolas reducidas.

Non teñen que cumprir ningún requisito adicional, a finalidade é para que quede constancia da existencia e localización dos galiñeiros ou outras localizacións onde se teña ás aves, tal como require o Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas. Esta información é necesaria en caso de darse unha alerta sanitaria por enfermidades aviarias que requiran control por parte da autoridade competente en materia de sanidade animal.

Realizar o rexistro é totalmente gratuíto.

Datos para cubrir o formulario (Procedemento MR501A) :

- Os teus datos persoais: nome, apelidos, DNI, dirección, teléfono e dirección de email
- Dirección do galiñeiro: na solicitude deberás indicar as coordenadas exactas
- No caso de que alguén realice por ti o trámite, esta persoa deberá achegar nome, apelidos e DNI

Prazo de presentación: Aberto todo o ano

Lugares de presentación :

- En liña na sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento MR501A)
- Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña - Servizo de Gandaría da Coruña
- Oficinas Agrarias Comarcais
- No rexistro do Concellos

Monfero, 20 de marzo de 2024
O Alcalde

